



O programa STOP Velutina, que levará a cabo AGA Asociación Galega de Apicultura e as súas delegacións durante a primavera do 2015, comprende varias actividades que consisten básicamente en charlas informativas nos concellos máis afectados e na colocación de trampas para capturar raiñas fundadoras nas zonas onde está presente esta avespa e así evitar o maior número posible de niños para o verán. Dentro do programa está incluída a celebración do Día da Abella o 21 de marzo en Culleredo, este ano adicado á Vespa Velutina, e no mes de maio en Ortigueira unha xornada especial para dar remate ó programa.

Nesta campaña colaboran varios concellos e outras entidades. Tamén se utilizarán as trampas, cos seus atraentes, distribuídas pola Consellería do Medio Rural e do Mar.

#### **DANOS QUE CAUSA A VESPA VELUTINA**

- Reduce a biodiversidade dos ecosistemas
- Perxuízos económicos para os sectores apícola e froiteiro
- Seguridade cidadá
- Traballos forestais

#### **CONTROL DA VESPA VELUTINA**

1. Chamar ao 112, central de emerxencias. Se se confirma chamar ao 012
2. Trampeo de raiñas na primavera, en zonas próximas a apiarios e onde se teña detectado a velutina en marzo, abril e maio.
3. O tipo de trampa e atraente poden ser caseiras ou comerciais. As caseiros preparanse con viño branco e cervexa ao 50% con restos de cera vella, algunha velutina... A trampa débese colgar a unha certa altura do chan (1,5 m), nun sitio soleado e resgardado do vento. A cantidade de atraente a empregar será de entre 100-150 ml, y será renovado cada 7-15 días para evitar fermentacións.
4. O nº de trampas a colocar nos colmenares serán na proporción de 1 trampa por cada 10 colmeas, 2 ata 25 colmeas, 3 ata 50 colmeas e 4 con máis de 50 colmeas.
5. A cantidade de atraente a empregar será de entre 100-150 ml, e será renovado cada 7-15 días para evitar fermentacións.

## **DIA DA ABELLA 2015**

21 de marzo de 2015, no Xardín Botánico de Culleredo

DAGA-Coruña e o Concello de Culleredo organizan conxuntamente o DIA DA ABELLA, este ano adicado a realizar a campaña informativa e de sensibilización "Stop Velutina" ante a presenza dunha especie invasora, a Vespa Velutina Nigrotorax ou avéspera asiática, que está causando moitos problemas aos apicultores e apicultoras, aos madeireiros e fruticultores e tamén representa un perigo para a poboación en xeral e para o medio ambiente.

### **Programa:**

As 11 h.: Audiovisual sobre a velutina e mesa redonda con persoas afectadas

As 12.30 h: Concursos. Poderán concurrir persoas individualmente ou en grupo e un xurado concederá un premio por cada concurso.

- 1.-Ideas á mellor maneira de combatir a velutina. Premio á mellor idea.
- 2.-Presentación de trampas e outros. Premio á mellor trampa
- 3.- Captura de raíñas. Premio ao que máis raíñas velutinas presente durante esta xornada.

As 13.30 h.: Acto de entrega de premios

## **SESIÓNS SOBRE A VESPA VELUTINA**

Dende o mes de febreiro ata maio, AGA está impartindo charlas informativas sobre a Vespa Velutina por toda Galicia dentro do programa "Stop Velutina".

### **Temas:**

- 1.- O que compe saber sobre a vida e comportamento da vespa velutina nigrotorax.
- 2.- O avespón asiático unha ameaza real. Colectivos afectados
- 3.- Como comportarse ante a presenza da V.Velutina.
- 4.-Vixianza e control, colocación de trampas para capturar raíñas fundadoras na primavera, eliminación de niños no verán e outono, quen deberá facer esta labor.
- 5.- Demostración de elaboración de trampas e atraentes para capturar raíñas fundadoras.

### **Calendario de charlas:**

Santiago de Compostela - 21/02 no CIAC ás 19 h.

Carral - 28/02 na Casa da Cultura ás 19h.

Gondomar - 5/03 no IEM ás 20.30 h.

O Vicedo - 17/03 na Casa da Cultura ás 20 h.

Mondoñedo - 18/03 no Centro Comarcal ás 20 h.

Ourol - 19/03 no Edificio Multiusos do Concello ás 20 h.

Culleredo - 21/03 no Xardín Botánico de 11 h. a 14 h.

Tomiño - 25/03 na Casa da Cultura ás 20 h.

Vigo - 26/03 na Casa dos Montes de Valadares ás 20 h.

San Sadurniño - 22/05 no CEIP pola mañán

DAGA Ortegala organizará unha xornada especial sobre a vespa velutina ó remate do programa que nos permitirá facer unha avaliación das actividades desenvolvidas na primavera e ver propostas cara outras actividades para o verán. Xa se enviará programa e data desta xornada.

Calquera persoa interesada pode participar nestas actividades e a entrada é de balde.